



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES
Expediente	IN408A 2018/27

SOLICITANTE : Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 19/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1523789, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 13/06/2022 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase ca información adicional proporcionada para poder avaliar o risco da saúde, segue sen abordar adecuadamente os aspectos recollidos no informe anterior deste organismo.



No referente as medidas correctoras para o efecto parpadeo, nas que se indican a instalación de sistemas de protección nas fiestras ou o emprego de vexetación, previo acordo cos propietarios, deberá plantexarse tamén entre estas medidas a programación da parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre á saúde da poboación.

Ademais, debido a que a selección dos receptores para facer o modelado do efecto de parpadeo se fai tendo en conta a súa posición respecto aos aeroxeneradores, deberá facerse o seguimento durante o primeiro ano de todos eles, para comprobar que os resultados modelizados son correctos.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudable

Silvia Suárez Luque

